

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	BETANZOS
<b>Edificio</b>	San Martiño de Bravío
<b>Dirección</b>	15319
	43.266431 -8.199796
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa típica do estilo rural galego. Atribúeselle unha cronoloxía do século XII a todo o conxunto (menos a fachada, posterior) aínda que hai referencias textuais da súa existencia xa no Século X.</p> <p>Edificio sinxelo, dunha soa nave cuberta de bóveda de canón, arcos apuntados e ábsida rectangular. a súa fábrica é de sillería de granito.</p> <p>A súa portada é de dobre arco apuntado. Na parte inferior do timpano, que é liso, vense restos dunha inscrición ilexible, sobre dúas mochetas coa representación do bon pastor. Sobre a ventá de aristas rebaixada ten unha espadaña de dous vanos, que coroa a fachada frontal.</p> <p>Na fachada lateral dereita ten dous estribos e dous canecillos xeométricos. Tiña tamén un corpo adosado que foi eliminado na última restauración. Na cabeceira ten dous estribos e canecillos de rolo.</p> <p>Na fachada lateral esquerda volve a presentar dous estribos e canecillos con figuras humanas.</p> <p>No interior destaca o arco de entrada ao presbiterio, de medio punto dobre, con decoración de billetes entre as dúas ringleiras de dovelas. Apoyase o arco en dúas columnas adosadas, de capiteis con follas de acanto rematadas en bocas, e entre o capitel e o fuste, un sogueado.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	4
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	Patrimoniogalego.net (ABELLA, David)
<b>Data</b>	17-09-2011

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<a href="#">Campá menor</a>	<a href="#">LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1896	55	96
Espadana	<a href="#">Campá maior</a>	<a href="#">LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1896	65	159

Información completa: [San Martiño de Bravío - BETANZOS \(GALICIA\)](#)

PDF (30-06-2026)